

13 Secretaría Xeral

A Asesoría Xurídica da Universidade da Coruña é unha unidade administrativa de apoio aos órganos de goberno universitarios, así como da representación e defensa da institución perante os xulgados e tribunais.

A súa actividade móvese en dous grandes ámbitos:

– *Función consultiva e asesora.* Asesoramento e apoio en cuestións xurídicas para ilustrar a decisión da xestión para un máis axeitado cumprimento do principio de legalidade.

Distínguese a que se realiza mediante a integración dun membro da Asesoría Xurídica nun órgano colexiado (Mesa de Contratación, Comisión de Valoración de Documentos Administrativos, etc.), da que se desenvolve mediante a emisión de informes:

- Informe dos acordos-marco, convenios e contratos entre a UDC e entidades públicas ou privadas, como paso previo a súa sinatura
- En materia de contratación administrativa: Pregos de cláusulas administrativas reguladoras dos contratos suxeitos a Dereito Administrativo.
- Proxectos de disposicións de carácter xeral, regulamentos ou normativas que deban de someterse á aprobación do Consello de Goberno.
- Propostas de resolución de recursos e reclamacións previas á vía xudicial civil e laboral que deban de ser resoltas polo Consello de Goberno, o reitor ou o Claustro Universitario.

- Intervencións derivadas da actuación da Inspección de Traballo, citacións, elaboración de documentos, etc.
- Consultas telefónicas e presenciais. Este labor non se contabiliza nos datos que se reseñan, pero ocupan un tempo importante na actividade deste servizo.

– *Función contenciosa.* A dirección e defensa en xuízo da UDC conforme as leis procesuais, abrangendo toda clase de procesos ante os xulgados e tribunais de calquera orden, grado e xurisdición. Interposición de demandas civís, recursos contencioso-administrativos ou accións penais, previa autorización do órgano competente, fronte a outras administracións, entes, corporacións, sociedades ou particulares.

En exercicio da súa función contenciosa, iniciáronse 19 recursos contencioso-administrativos, incoados polo profesorado, persoal de administración e servizos, alumnado e por terceiros alleos á comunidade universitaria (expropiacións, responsabilidade patrimonial, contratación administrativa).

Así mesmo hai que salientar que durante o 2009, dictáronse na orde contencioso-administrativa, 26 sentenzas favorables á institución e 11 desfavorables.

Na orde xurisdiccional social iniciáronse 6 demandas. Ditáronse 16 sentenzas favorables á UDC e 12 desfavorables. Na orde xurisdiccional penal iniciáronse 2 procesos e ditouse 1 sentenza favorable á UDC. Na orde xurisdiccional civil iniciouse 1 proceso que aínda non finalizou.

A cifra de apuntamentos reflicte os asentos de entrada/saída aos que dan lugar as actuacións que se soli-

citan da Asesoría Xurídica, ben relacionadas cos servizos internos da UDC: 727, ben por mor de resolucións adoptadas polos xulgados e tribunais das distintas ordes xurisdicionais: 919.

Polo que se refire á súa función consultiva, a Asesoría emitiu 345 informes escritos, asistiu a 34 sesións da Mesa de Contratación e a 3 da Comisión de Valoración de Documentos Administrativos.

Procedementos iniciados	
Alumnado	1
PAS	5
PDI	9
Outros	13
Total	28
Procedementos finalizados	
PAS	25
PDI	10
Outros	10
Total	45

Cadro 193 **Procedementos iniciados e finalizados en 2009**

Resolucións finalizadoras dos procedementos	
Favorables á UDC	43
Desfavorables á UDC	23
Total	66

Procedementos iniciados	
Alumnado	1
Outros	10
PAS	2
PDI	6
Total	19

Procedementos finalizados	
Outros	9
PAS	17
PDI	10
Total	36

Resolucións xudiciais	
Alumnado	1
<i>Desfavorables á UDC</i>	1
Outros	7
<i>Favorables á UDC</i>	6
<i>Desfavorables á UDC</i>	1
PAS	19
<i>Favorables á UDC</i>	13
<i>Desfavorables á UDC</i>	6
PDI	10
<i>Favorables á UDC</i>	7
<i>Desfavorables á UDC</i>	3
Total	37

Cadro 194 Orde contencioso-administrativa en 2009

Procedementos iniciados	
Outros	2
PAS	3
PDI	1
Total	6

Procedementos finalizados	
Outros	1
PAS	8
Total	9

Resolucións xudiciais	
Outros	13
Favorables á UDC	10
Desfavorables á UDC	3
PAS	14
Favorables á UDC	6
Desfavorables á UDC	8
PDI	1
Desfavorables á UDC	1
Total	28

Cadro 195 **Orde xurisdiccional social en 2009**

Procedementos iniciados	
Outros	1
Total	1

Cadro 196 **Orde xurisdiccional civil en 2009**

Procedementos iniciados	
PDI	2
Total	2

Resolucións xudiciais	
PDI	1
Favorables á UDC	1
Total	1

Cadro 197 **Orde xurisdiccional penal en 2009**

Apuntamentos	Rexistro interno	Rexistro de xulgados
Entradas	382	724
Saídas	345	195
Total	727	919

Cadro 198 **Apuntamentos no ano 2009**

Informe de alumnado	8
Informe de contratos	32
Informe de convenios/acordos/protocolos	190
Informe de normativa	4
Informe de PAS	7
Informe de pregos	10
Informe de profesorado	7
Outros asuntos	50
Reclamacións do alumnado	1
Reclamacións do profesorado	2
Reclamacións previas á vía xudicial (PAS)	4
Reclamacións previas á vía xudicial (profesorado)	3
Reclamacións de responsabilidade patrimonial (profesorado)	1
Reclamacións de responsabilidade patrimonial (outros)	1
Recursos do alumnado	8
Recursos do PAS	2
Recursos do profesorado	10
Recursos de contratación	3
Recursos de subvencións	2
Total	345

Cadro 199 Informes por escrito da Asesoría Xurídica en 2009

Normalización Lingüística

Este servizo ten entre os seus obxectivos que a comunidade universitaria faga da lingua galega o seu vehículo habitual de expresión, para o que traballa na liña de reforzar a competencia lingüística e mellorar as actitudes sobre a lingua. Ao longo de 2009 o SNL desenvolveu as tarefas que a seguir se especifican:

Coordinación interuniversitaria

O 23 de xuño de 2009 constituíuse, tras asinaren un convenio de colaboración as tres universidades galegas, a Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística, coa intención de rendibilizar recursos e facer propostas de actuación para o fomento do uso da lingua galega no ámbito universitario.

Esta comisión está integrada polos reitores, as persoas que dirixen os servizos de normalización e as responsables institucionais, xunto cunha representación do profesorado. Nas dúas reunións que xa mantivo formuláronse diversas propostas que lle foron presentadas á Secretaría Xeral de Política Lingüística, que proximamente se incorporará aos traballos da Comisión.

Asesoramento

Ao longo do ano corríxíronse 4.536 páxinas e traducíronse 1.779. Estas cifras supoñen unha importante diminución a respecto das do ano 2008, pois xulgamos que, na liña do que este servizo quere promover, cando menos no grupo das persoas que asiste regularmente os cursos de formación existen unha maior seguranza lingüística. O obxectivo cara ao 2010 é o incremento da corrección e o asesoramento lingüístico para o colectivo docente que, pouco a pouco, vai facendo uso dos recursos que lle pode ofrecer o Servizo de Normalización Lingüística.

Canto ao alumnado, o asesoramento lingüístico requirido adoita estar vinculado á revisión dos seus traballos de investigación canalizados a través das axudas previstas para a súa redacción e defensa en lingua galega.

A isto hai que lle engadir o labor de responder a consultas lingüísticas e/ou terminolóxicas puntuais ou solicitudes de información recibidas por diferentes vías (teléfono, correo electrónico...).

Formación

Cantidade	Curso	Persoas asis- tentes
3 (1 en Ferrol)	Curso de Linguaxe Administrativa (nivel superior)	65
1	Curso de Linguaxe Administrativa (nivel medio)	25
1	Curso para a Mellora da Calidade da Lingua: Léxico e Sintaxe	36
3 (1 en Ferrol)	Curso de Redacción e Comunicación de Calidade a través do Correo Electrónico	49
1	Curso de Técnicas de Expresión Oral	16
1	Curso para a Mellora da Calidade da Lingua (1): Léxico e Sintaxe	14
1	Curso para a Mellora da Calidade da Lingua (2): Cuestións de (Socio) lingüística e de Léxico	23

Cadro 200 Asistencia a cursos de lingua galega para PAS

Dinamización

Os días 15, 16 e 17 de xullo tivo lugar no Pazo de Cultura do Concello de Carballo o V Curso de Verán sobre Dinamización Lingüística, Traballando en Lingua, *Do compromiso individual aos argumentos*, en que o máis importante foi a participación contrutiva das persoas asistentes, que foron as responsables de chegarmos a conclusións de interese. Estas conclusións remitíronse á Consellería de Educación, á Secretaría Xeral de Política Lingüística e a diferentes institucións involucradas.

A VI edición das Xornadas Lingua e Usos, dedicada este ano ao tema Lingua e Xénero, realizouse os días 26 e 27 de novembro na Reitoría. A estas xornadas asistiron con regularidade arredor de 100 persoas. O

seu obxectivo foi afondar na consideración dunha variante idiomática propia das mulleres, unha variable que os manuais de sociolingüística inclúen habitualmente mais que, para o caso galego, recibiu un escaso tratamento.

O día 4 de decembro tivo lugar unha Xornada de Formación para as Comisións de Normalización, a que asistiron as persoas que forman parte destas nos diferentes centros.

Convocouse a VI edición do Premio Luísa Villalta a Iniciativas Normalizadoras en colaboración coas outras dúas universidades galegas, con dúas modalidades de participación: o deseño dunha campaña

normalizadora e unha idea para a promoción do galego. A gañadora da primeira modalidade foi a asociación “Trabalingua”, cun traballo co mesmo título e o premio á idea levouno a profesora da USC María Pilar Brocos Fernández, polo traballo titulado “Series TVG”, ambos de gran calidade.

Tamén tivo continuidade a liña de axudas á investigación en lingua galega que incentiva a realización e defensa das teses e traballos de investigación en lingua galega, das que se concederon 49.

Publicacións e recursos

Neste apartado hai que mencionar a edición de glosarios terminolóxicos, resultado da campaña *Profesionaliza a túa lingua*, sobre as seguintes áreas: Biblioteconomía e Documentación, Camiños, Canais e Portos, Comunicación Audiovisual, Dereito, Informática e Podoloxía.

Outras dúas publicacións editadas polo Servizo de Normalización Lingüística en 2009 foron as actas das

V Xornadas sobre Lingua e Usos, Lingua e Docencia Universitaria e mais o manual *Conectores e locucións. Fraseoloxía administrativa*.

Canto aos recursos, cómpre salientar o sitio web do SNL que ao longo de 2009 recibiu preto de 12.000 visitas, das cales se deriva un total de 16.843 visualizacións de páxinas. Mantívose actualizado en todo momento coas novas e a información xerada polo Servizo e habilitouse un novo espazo para as comisións de normalización lingüística da UDC.

Así mesmo, alén de seguir dispendo de acceso a todas as publicacións editadas en papel polo Servizo tamén se acrecentaron novos recursos só dispoñibles en liña (caso do material do curso de verán) e en novos formatos, caso das gravacións das Xornadas sobre Lingua e Usos ou do acto Voces nas Letras, co gallo do 17 de maio.

Rexistro, documentación e arquivo

O Servizo de Rexistro, Documentación e Arquivo da Universidade da Coruña é unha unidade dependente da Secretaría Xeral que naceu coa finalidade de lle dar un tratamento global ao proceso de entrada, tramitación e arquivo de documentación administrativa. Consta de dúas unidades: o Rexistro e o Centro de Documentación e Arquivo (CEDAR).

Rexistro

O Rexistro desenvolve unha función de atención á cidadanía para mellorar o acceso aos servizos que presta

a Universidade. Encárgase de tramitar os documentos dirixidos á Universidade da Coruña e de lle dar saída aos documentos emitidos por esta. A unidade de rexistro consta do Rexistro Xeral (Reitoría), o Rexistro Auxiliar de Ferrol e o Rexistro Auxiliar de Elviña. A súa actividade réxese polo Regulamento de Rexistro da Universidade da Coruña.

O número de asentos realizados en 2009 polo Rexistro da UDC foi o seguinte:

Número de asentos 2009		
Rexistro de entrada	Rexistro Xeral:	9.853
	Rexistro Auxiliar de Ferrol:	2.207
	Rexistro Auxiliar de Elviña:	7.196
	Total:	19.256
Rexistro de saída	Rexistro Xeral:	18.412
	Rexistro Auxiliar de Ferrol:	99
	Rexistro Auxiliar de Elviña:	125
	Total:	18.636

Cadro 201 Asentos realizados polo Rexistro en 2009

O número total de asentos rexistrados de entrada e saída en 2009 foi de 37.892, o que representa un aumento do 3,60% respecto a 2008. Hai que indicar que houbo un incremento da entrada do 20,51% e unha diminución da saída do 9,52%.

O número total de consultas atendidas polo persoal do Rexistro en 2009, tanto de modo presencial como a través do correo electrónico, foi de 6.593. Esta cifra representa un incremento do 35,32% respecto ao ano 2008.

Pódese subliñar que o Rexistro Auxiliar de Elviña, que entrou en funcionamento o 19 de xaneiro de 2007, tivo en 2009 un incremento do 30,15% no número de asentos de entrada rexistrados con respecto ao ano anterior. Este dato é significativo e confirma a tendencia crecente da actividade desta oficina de rexistro.

Avanzouse cara a implantación dun rexistro electrónico na Universidade da Coruña. Non se pode ocultar a complexidade e as ramificacións deste tema, que hai que encadrar dentro do conxunto das accións que implica o desenvolvemento da administración electrónica. Estanse a resolver unha serie de dificultades existentes para implantar varios procedementos, entre eles o rexistro, por vía electrónica, procedemento a que están obrigadas todas as administracións públicas.

2) Centro de Documentación e Arquivo

O Centro de Documentación e Arquivo da Universidade da Coruña (CEDAR) é unha unidade especializada no tratamento e na xestión da documentación da universidade, na súa custodia e na accesibilidade aos membros da comunidade universitaria e á sociedade en xeral. Constitúe unha unidade de apoio á docencia, á investigación e á xestión administrativa da universidade. O CEDAR conta cun Regulamento propio (<http://www.udc.es/informacion/ga/lexislacionenormativa/regulamentos/varios/cedar.asp>).

No ano 2009 houbo 37 transferencias de documentación ao CEDAR desde distintas unidades da UDC. O total de unidades documentais que ingresaron no Centro foi de 4.287 (2.140 caixas de arquivo, 2.135 carpetas AZ, 10 CD, 1 mapa, 1 gravado). Esta cifra representa un aumento do 39,36 % respecto ás transferencias realizadas no ano 2008. En 2008 procesáronse un total de 1.615 unidades documentais, o que dá un total de 200 metros lineais de estantes.

Dende a súa creación o CEDAR pertence á “Conferencia de Archiveros de las Universidades Españolas” (CAU), entidade que está integrada na Comisión Sectorial de Secretarios Generales da “Conferencia de Rectores de las Universidades Españolas” (CRUE). O secretario xeral da UDC asistiu á reunión desta comisión sectorial que tivo lugar os días 22 e 23 de outubro de 2009 no Campus de Alcorcón da Universidad Rey Juan Carlos. Nesa reunión examináronse entre outros temas o papel dos arquivos e a documentación electrónica.

A Comisión Asesora de Valoración de Documentos Administrativos, constituída en xuño de 2008, mantivo tres reunións durante 2009. Esta comisión é o órgano colexiado encargado da valoración das series documentais producidas polas unidades administrativas e de servizos da Universidade da Coruña, que determina os criterios de conservación ou eliminación, o acceso

e os prazos de transferencia ao Centro de Documentación e Arquivo, por proposta deste e de acordo coa lexislación vixente sobre a materia. A comisión está formada polo secretario xeral, a xerente, o xefe do Servizo de Rexistro, Documentación e Arquivo, a xefa do Servizo da Asesoría Xurídica e dous profesores da área de Biblioteconomía e Documentación (http://www.udc.es/reitoria/ga/secretariaxeral/documentos/rexistro/composicion_cavda.asp).

O persoal do CEDAR elaborou a proposta de identificación e valoración de varias series documentais, que a Comisión aprobou. As series son as seguintes:

- Expedientes para a contratación de obras
- Expedientes de eleccións ao Claustro Universitario

- Expedientes de xestión do gasto e do pagamento
- Expedientes de xeración de crédito
- Expedientes de incorporación de crédito
- Expedientes de transferencia de crédito

Estas series documentais orixinan unhas normas de conservación de documentos (http://www.udc.es/reitoria/ga/secretariaxeral/documentos/rexistro/normas_conservacion.asp), que todas as unidades e servizos da UDC están obrigadas a cumprir.

Realizouse a destrución de 3.311 caixas de documentación de conformidade coas Normas de conservación aprobadas e de 1.540 archivadores non utilizables, que procedían de distintas transferencias de documentación.